

**INDICE. Unidade 8. Debilidade e fragmentación do desenvolvemento industrial. Modernización dos transportes: o ferrocarril. Emerxencia do sistema financeiro. Debilidade do mercado nacional. Desindustrialización e novos sectores en Galicia**

**1. Introducción**

- a. Teorías sobre “o fracaso ou non da Revolución Industrial en España” As razóns polas que España non se industrializou plenamente no século XIX.

**2. A POLÍTICA ECONÓMICA: PROTECCIONISMO- LIBRECAMBISMO**

- a. A Loita entre o proteccionismo e o librecambismo durante o século XIX.
- b. As dificultades do mercado interior.
- c. O aumento do comercio exterior.

**3. A lenta expansión industrial**

- a. Fases
- b. Atrancos

**4. A industria siderúrxica.**

**5. A industria téxtil catalana:**

- a. Desenvolvemento do sector téxtil
- b. Modernización e consolidación do sector (1830-1860)
- c. As dificultades do sector a finais do XIX
- d. o proceso de mecanización e a consolidación e límites da industria téxtil.

**6. Os Transportes: A construción do ferrocarril.**

**7. Facenda e débeda pública: modernización fiscal e sistema financeiro**

**8. A desindustrialización en Galicia**

- Novos sectores: a industria téxtil e conserveira.

## 1.Introdución


Como xa quedou aclarado na unidade anterior, a pesar das súas insuficiencias e erros, as desamortizacións de Mendizábal e Madoz cambiaron de forma radical a situación do campo español. Baste con sinalar que afectaron a unha quinta parte do conxunto do chan. Lamentablemente, **o atraso técnico** e a **desigual repartición da propiedade da terra** seguiron sendo problemas crave da sociedade e a economía españolas.

**Na industria** España viu como a revolución que se iniciou en Gran Bretaña e estendíase a outras zonas do continente, só afectaba de forma moi localizada ao país en Cataluña e País Vasco.

Diversos factores explican este atraso:

- ✓ Escaseza de carbón e materias primas
- ✓ Atraso tecnolóxico e dependencia do capital exterior
- ✓ Falta de **articulación dun mercado interior** (básico e esencial na R. I.) caracterizado polas dificultades de comunicación e polo baixo poder adquisitivo de grandes masas da poboación
- ✓ Factores políticos como a perda do mercado colonial, as desfeitas da guerra da Independencia ou a inestabilidade política.

Éste sería o prototipo e modelo das posteriores locomotoras a vapor de todo o mundo, incluídas



as da liña Barcelona-Mataró.



- ✓ A expansión do tendido ferroviario foi un factor crave de modernización como no resto do mundo. España chegou con atraso ao novo medio de transporte e a primeira liña foi a construída entre **Barcelona e Mataró en 1848**. Curiosamente, o primeiro ferrocarril nos dominios españois foi construído en Cuba en 1837 no traxecto A Habana-Güines. Tras a promulgación da Lei Xeral de Ferrocarrís en 1855 tivo lugar un verdadeiro "boom" do ferrocarril. En 1866 a rede alcanzou os 5.145 quilómetros de extensión.

A política comercial foi en xeral **proteccionista**. As leis arancelarias de 1841 e 1849 favoreceron os intereses dos industriais do téxtil catalán e dos terratenientes casteláns cultivadores de trigo. Só durante o Sexenio Democrático tentouse unha política liberal co Arancel Figuerola de 1869. A Restauración significou de novo a volta ao proteccionismo coa lei arancelaria de 1875.



No terreo financeiro este período caracterízase polas dificultades da Facenda estatal angustiada pola Débeda Pública. A pesar destes problemas neste período adoptáronse algunhas decisións históricas:

En 1856 creouse o **Banco de España** que veu substituír ao Banco Español de San Fernando. En 1874 quedou configurado como banco nacional co monopolio da emisión de papel moeda. En outubro de 1868 adoptouse a peseta como nova unidade do sistema monetario.

En economía o XIX é o século da industrialización e o da nova sociedade burguesa capitalista, especialmente en Gran Bretaña, Francia, Alemaña e Bélxica. En España as transformacións foron máis limitadas. Crecemento lento e atraso. España formou parte do conxunto de países e rexións periféricas de deficiente industrialización, situados sobre todo en Europa oriental e meridional. A economía española do primeiro terzo de século XX estivo marcada, aínda que con diferenzas segundo as conxunturas, por unha tendencia xeral ao crecemento que quedou interrompida pola guerra civil e a política autárquica. Este proceso de crecemento e de transformación estrutural acurtou algo as distancias respecto das economías da nosa contorna, preparando e posibilitando a explosión desarrollista da década dos sesenta. Outra característica deste período é o aumento das desigualdades económicas e sociais producíndose en

España unha dualización; dualización xeográfica, demográfica, social, económica e política. Xunto a unha periferia máis desenvolvida e industrial persistía un centro peninsular agrario e atrasado.

**-A evolución económica pode dividirse en dúas etapas.**

a) De 1800 a 1860-70 de maior estancamento, con descenso de prezos que dificultan o crecemento, guerras e perda das colonias americanas.

b) De 1860-70 a 1901 de ritmo de crecemento máis rápido. - Produciuse un incesante crecemento da poboación seguindo o modelo demográfico antigo que non entra no modelo de transición demográfica até o primeiro terzo do XX. A súa distribución



continuou coa tendencia de crecemento da periferia.

- A partir da metade do XIX comezou o éxodo rural e o crecemento das cidades nun proceso de urbanización, cun modesto crecemento urbano no XIX. en 1914 a poboación seguía sendo maioritariamente rural: 51% vivía en poboacións de menos de 5000 hab., e o 91% en cidades de menos de 100.000 hab. Só Cataluña tiña taxas máis europeas.

España non alcanzou durante o século XIX un grao de desenvolvemento industrial tan elevado como o dos países máis desenvolvidos de Europa occidental.

O desenvolvemento económico español e o seu retraso foron un tema moi debatido por historiadores, economistas e políticos.

**• Teorías sobre “o fracaso ou non da Revolución Industrial en España”**

Na década dos 70 do século XX a historiografía considerou a centuria anterior como o século do **fracaso dun proxecto nacional de revolución industrial**. O principal portavoz desta teoría, **Jordi Nadal**, sostivo que a debilidade da demanda interior — basicamente formada por poboación agrícola— revelaba que o proceso



industrializador foi moi cativo. A limitación dos cambios producidos como: o lento crecemento demográfico, a escaseza de enerxía, a errónea política agrícola e unha contraproducente política librecambista xustificaban a hipótese do que Jordi Nadal denominou «*fracaso da revolución industrial en España*» antes da Primeira Guerra Mundial.

Para desenvolverse, a industria decimonónica debiera contar **cun mercado interior no estado de formación avanzado**. Este mercado esixiría, á súa vez, un certo grao de división do traballo. Ó falar ámbalas dúas condicións cada sector houbo de desenvolverse pola súa conta, sen chegar a compoñer, entre todos, unha verdadeira economía nacional (...) Os grans casteláns apodrecían nos graneiros do interior mentres Cataluña ou Valencia gastaban cantidades inxentes na adquisición de trigos estranxeiros.

Esta teoría foi amplamente discutida na última década por outros historiadores como **G. Tortella**, que demostrou que España participou das correntes económicas internacionais durante a maior parte do século XIX, e sinalou como principais factores do escaso crecemento económico de España, causas internas (como dificultades xeográficas, problemas sociopolíticos e culturais) ou a negativa influencia de políticas illacionistas e proteccionistas —predominantes durante a maior parte do século— que foran un atranco no camiño da industrialización pero que non chegaron a facela fracasar totalmente.


Esta visión máis optimista é compartida por outros historiadores, que pensan que o s. XIX non foi un período de simple estancamento, con períodos de crecemento moi rápidos entre 1830-1860. A economía española está próxima ao crecemento económico do resto de Europa occidental, aínda que se produciu en menor medida e cun considerable retraso.

Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha parte temos os esforzos privados da clase empresarial catalana por crear unha base industrial no principado. Por outra parte están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada.. Xa vimos que o século XIX non foi en España de absoluto estancamento: Cataluña, e en especial Barcelona, desenvolveron unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; botáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacareada revolución industrial non tivo lugar.

#### **Causas do fracaso da industrialización en España:**

- A modernización chegou con atraso respecto de Europa: cegounos o tren da primeira revolución que chegou rapidamente a uns países pero que chegou lentamente ou non chegou a outros países, como o caso de España
- O crecemento lento durante a segunda metade do século XIX cando os demais países se lanzan.
- A baixa produtividade agraria debido á pouca industrialización do campo.
- O atraso do desenvolvemento ferroviario, mineiro e na industria pesada.
- A escaseza de recursos enerxéticos.
- A falta de capital e a debilidade da Banca española.
- A carencia dun espírito e mentalidade empresarial.
- O endebedamento crónico do estado.

## **2. A POLÍTICA ECONÓMICA : PROTECCIONISMO & LIBRECAMBISMO**



Desde finais do século XIX produciuse un importante avance na intervención do Estado, consolidándose o proteccionismo típico da economía española do século XX. A consolidación do proteccionismo **arrinca da crise agraria de finais de século cando coinciden os intereses agrarios cos industriais** e vaise a ir consolidando a través de todo o século, coa excepción do período 1914-1919 ( período da 1ª Guerra mundial)onde se relaxa-.

Este proteccionismo ou nacionalismo económico vai presentar dúas modalidades; **elevación das tarifas arancelarias e lexislación de medidas que favorezan a iniciativa privada.**

Xunto ás leis arancelarias **fóronse aprobando un extenso grupo de leis** que outorgaban exencións e privilexios fiscais, subsidios, primas e pedidos directos da Administración, até chegar, no caso do carbón, á obrigatoriedade do seu consumo para poder acollerse ás axudas. Outra medida moi importante foi a **anulación da franquía arancelaria para o material ferroviario, en 1896, que favoreceu o desenvolvemento da siderurgia.** A intervención económica do Estado alcanzou o seu máximo nos anos 20, encartándose ás peticións dos industriais vascos e cataláns-Cambó xogou un protagonismo moi importante-.

**A política proteccionista e de intervención en economía** alcanzará un alto grao coa ditadura de Primo de Rivera. Na segunda República continuouse co proteccionismo, pero a política económica estivo marcada polo intento reformista que a caracterizou, co obxectivo de aumentar as políticas sociais para beneficiar ás clases populares. Así se explica por exemplo a **lei para a Reforma Agraria, a dos xurados mixtos, o aumento de salarios ou o establecemento dun salario mínimo.**

A esta política económica levada a cabo durante case todo o primeiro terzo do século XX denominóuselle **Nacionalismo Económico.** Nalgúns sectores novos; o apoio

público á iniciativa privada foi esencial como no sector químico, eléctrico e, sobre todo, naval.<sup>1</sup>

#### VANTAXES E INCONVENIENTES DO PROTECCIONISMO

O proteccionismo é unha política económica adecuada para unha economía que está en proceso de cambio e de crecemento. Unha economía, como a española no inicio do século XX, que está a se transformar a unha economía plenamente industrial e non pode competir coas economías dos países veciños, é dicir, para unha economía que se está industrializando é necesario que o estado protexa mediante aranceis, continxentes e leis fiscais a economía interna. Pero esta protección tamén leva carrexadas as súas **consecuencias negativas**, xa que non facilita nin a modernización, nin a competitividade. En España os prexuízos desta política proteccionista foron moi importantes; **prexudicaron a competitividade da industria española**, non estimulando a súa modernización e fixesen que o mercado español pagase eses produtos 2 ó 3 veces máis caros que no resto de Europa, co que **prexudicou o aforro e a acumulación de capital**. Ademais **foi unha das causas da radicalización do movemento obreiro**.

- A loita entre o proteccionismo e o librecambismo durante o século XIX. Ao longo do s. XIX enfrontáronse, por tanto, dúas concepcións distintas da política económica.

**Os moderados** eran partidarios dunha **política proteccionista** que —mediante aranceis altos— protexese aos terratenentes produtores de trigo do interior e á industria téxtil catalana, da competencia doutros países. Pola súa banda,

**Os progresistas** consideraban que a maneira de desenvolver a economía española era abrindoa **á competencia co exterior** e permitindo a entrada de capitais estranxeiros que cubrise a ausencia deles en España. Eran, polo tanto, partidarios dunha política **librecambista**.

A **defensa do proteccionismo** foi protagonizada por **fabricantes e cerealeiros**, e sobre todo polos industriais cataláns. En cambio o **librecambismo** era defendido por **sectores mercantís do país**, especialmente os vinculados ao mercado exterior ou ó capital estranxeiro: rexeitaban o proteccionismo porque encarecía as importacións do estranxeiro e favorecíase un sistema de impostos que entorpecía a circulación interior.

Nos períodos de Goberno dos progresistas Bienio Progresista e Sexenio Democrático a lexislación favoreceu a entrada de capital extranxeiro, que se volcou no ferrocarril e na mineiría, como logo veremos. Sen embargo, a política dominante foi o proteccionismo, que se consolidou durante a Restauración e, sobre todo, desde que en 1907 se creou a *Comisión Protectora da Producción Nacional*.

- **As dificultades do mercado interior.**

A lentitude e mais o retraso do proceso industrializador, estiveron directamente relacionados coas dificultades para vertebrar un mercado interior. A escaseza de compradores e as deficiencias dos medios de transporte, foron en boa parte responsables da escasa articulación da economía española.

Sabido é que un requisito imprescindible para o proceso de industrialización, é o de ter articulado un mercado interior e na España do último terzo do XIX, cando estíbbase a inaugurar a liña Barcelona - Mataró, 40 anos despois, aínda en Segovia íase en dilixencia.

---

<sup>1</sup> Esta política proteccionista continuou en España até 1986 coa entrada na UE que se produciu o desarmamento arancelario entre eles e a desaparición de monopolios e axudas excesivas estatais.



## Segovia 1890



## Barcelona-Mataró 1848



**A dilixencia na estrada de Cambados a Pontevedra en xulio de 1898**



É verdade que os pasos necesarios para suprimir os obstáculos á circulación de mercadorías e á construción dun mercado nacional se tiñan dado na primeira metade do XIX, derogándose os gremios, suprimindo os impostos de paso e eliminando as taxas e impostos indirectos sobre o comercio; así mesmo se tiña inaugurado un sistema de transportes que permitía levar as mercadorías ate os e as consumidoras cun custo razoable e certa “rapidez”; aínda así, España non posuía unha rede de camiños ou unha rede hidrográfica que permitise o transporte fluvial, como lle tiña pasado a Inglaterra ou a outros países europeos, así que houbo que agardar á construción da rede ferroviaria.

- **O aumento do comercio exterior**

As exportacións durante o século XIX medraron a un ritmo similar ás do resto de Europa, aínda que as importacións fixérono a unha taxa algo menor. Na súa evolución pódense establecer dúas etapas:

Unha primeira (1815-1850) de crecemento modesto, pero sostido, e unha segunda (1850-1900), de maior aumento pola influencia da expansión do comercio internacional.

A estrutura por produtos, reflicte moi ben a transformación da economía no século XIX. Ao primeiro, as exportacións máis relevantes eran o aceite e o viño, e as



importacións, os tecidos de algodón e de liño. A finais do século, eran as principais importacións, o algodón en rama e o carbón, mentres que nas exportacións, os minerais se engadiron aos produtos agrarios e aos tecidos de algodón. Así vese como o peso dominante dos produtos agrarios dentro destas modificacións, pon de manifesto os límites da transformación económica e o pequeno desenvolvemento do sector industrial.


As relacións comerciais co exterior, víronse alteradas como consecuencia da perda das colonias americanas que eran, ate ese momento, os principais socios comerciais de España. A partir de 1850, España vai uníndose máis ás economías avanzadas de Europa, substituíndo ás colonias por Francia e gran Bretaña. A súa industrialización proporcionou unha crecente demanda para os produtos españois ate chegar a absorber máis da metade das exportacións, aumentando tamén as importacións destes países.

### 3. A lenta expansión industrial

As razóns da lenta industrialización española no século XIX relaciónanse, en primeiro lugar, con causas físicas ou xeográficas.

-Distancia relativa do núcleo europeo de industrialización, circunstancia que desfavorece as transaccións internacionais.

-A pesar da riqueza en minerais estratéxicos da primeira revolución industrial (chumbo, cobre, mercurio, ferro, zinc, estaño), España non contaba con bos xacementos carboníferos ou cursos de auga caudalosos que achegasen enerxía á nacente industria.



En segundo termo e de forma máis decisiva, estas razóns vincúlanse **ao propio atraso do país na senda da modernización ao preservar trazos propios dunha sociedade e economía preindustrial.**

-Persistencia do ciclo demográfico antigo até a última década do século XIX ao manterse moi altas as taxas de mortalidade debido á insuficiente dieta alimenticia, insalubridade das vivendas e serias carencias de hixiene e de servizos sanitarios, en parte debido ao escaso investimento público.

-Predominio do sector agrario na actividade económica do país, que provocou unha elevada dependencia da industria respecto da demanda agraria, caracterizada por un escaso

poder adquisitivo.

Aínda que como vimos no tema anterior, integraron gran cantidade de terras de propiedade comunal ou eclesiástica en relacións capitalistas de mercado, as Desamortizacións de Mendizábal (1836-44) e Madoz (1855) non serviron para dotar de maiores recursos económicos ao campesinado, necesidade máis aguda no sur do país pola existencia dun amplo sector de xornaleiros sen terra. Orientadas a prover fondos á súa Facenda endebedada, as vendas de propiedades desamortizadas por parte do Estado liberal beneficiaron á nobreza e burguesía urbana en detrimento de a súa posible compra por pequenos e medianos campesiños.


-Consecuencia do limitado poder adquisitivo da súa poboación e da perda da maioría das súas colonias en América tras a Guerra de Independencia (1815-25), España afrontou unha seria escaseza de mercados externos e internos para as súas manufacturas no século XIX.

Como resultado, **o proteccionismo dominou a política comercial**. O tenue desarmamento arancelario iniciado en 1841 só se intensificou tras aprobarse en 1869 **o arancel Figuerola** (Como sinalase José M<sup>a</sup> Serrano: “Figuerola ante a desorde optou pola orde”) e continuou nos anos setenta e oitenta ao asinarse tratados internacionais librecambistas. 2<sup>a</sup>. Proteccionismo y librecambismo en la España del siglo XIX.

Tuve a honra de propor ás Cortes constituíntes de 1869 a reforma dos Aranceis de Aduanas; non podía ser desairado o principio tan natural como combatido, da liberdade escurecida e velada por unha inxustiza social sostida co título de protección da industria. Predominaba nas Cortes, con gran maioría, a opinión librecambista, e tivera sido facilísimo chegar a unha solución radical e inmediata si se tivese empeñado ardente loita; pero renunciaron a ela, ante a evidencia da derrota, os que podían acometela, e apelaron aos acomodamientos. Tiveron as Cortes sereno espírito e prudencia exquisita [coa minoría proteccionista] Non poderán acreditar análoga conduta [tras o Sexenio revolucionario] os contradictores da reforma.” Laureano FIGUEROLA, La Reforma arancelaria de 1869... Madrid. 1876, cfr. J.B. Vilar y M<sup>a</sup>.J. Vilar, La primera Revolución industrial española (1812-1875). Barcelona. Ariel Practicum. 1998

. Tras expirar estes, a forte competitividade agrícola e industrial internacional forzou ao Goberno **a aumentar os aranceis en 1891** en defensa de agricultores e industriais.

Superiores aos aplicados a fins de século en países agrarios como Francia e Italia, os altos aranceis españois permitiron á industria replegarse nun mercado interno protexido; pero lle restaron competitividade. A agricultura do interior de España seguiu idéntico camiño, cun marcado estancamento técnico; pero en zonas litorais



foise introducindo a fins de século unha clara especialización en froitas e hortalizas orientadas ao exterior.

Aínda que a produción de viño retrocede tras a chegada da filoxera, os cultivos de oliva e froitos secos crecen e remodelanse.

-Dependencia do estranxeiro para o desenvolvemento industrial: técnica, financeira e comercial, ligada á importación de materias primas e maquinaria. A dependencia financeira foi favorecida polo escaso desenvolvemento do sistema bancario e o endebedamento da Facenda Pública, que forza ao Estado a manter altos tipos de interese para atraer capitais do exterior en detrimento de o investimento nacional. Con especial forza en 1851-70, os investimentos franceses, inglesas, belgas e alemáns permitiron desenvolver infraestruturas como o ferrocarril, abrir minas, crear bancos e fomentar a innovación empresarial.

Este proceso percíbese con nitidez na minería ao promulgar o Goberno liberal en 1868 unha lei que liberalizaba este sector ao recoñecer a propiedade privada sobre o subsolo antes propiedade do Estado, quen podía ceder o usufructo a particulares- e vender numerosas concesións mineiras. Esta desamortización do subsolo provocou un forte auxe da minería española en 1870-1913, aínda que orientada á exportación e desenvolvida con técnicas e capitais estranxeiros.

Como xa se indicou para o conxunto da economía, a industria española tamén se desenvolveu máis tarde que nos países europeos máis desenvolvidos. Na primeira metade do século XIX só a industria téxtil catalana incorpora os avances provocados pola Revolución Industrial iniciada en Gran Bretaña. E non será ata finas de século cando se implantará unha industria siderúrxica importante no País Vasco. Polo tanto, a industrialización foi serodia e con grandes diferencias rexionais.

#### **a. Fases**

---

Os contratempos da guerra da Independencia e outras sublevacións levaron a un claro estancamento industrial de 1808 a 1830; a partir deste momento até a chegada do bienio progresista (1854-56) tivo lugar o comezo da nova industria, en especial da **téxtil e a do ferro**, apoiado todo iso pola **política arancelaria**.


No primeiro período (**1830-1861**) prodúcese o **arranque** da industrialización española. O segundo período (**1861-1913**) e que se inicia coa gran crise dos anos sesenta. Despois produciuse un **crecemento forte de 1871 a 1875**, para diminuír con posterioridade. O crecemento nos últimos decenios do século XIX foi **constante, aínda que lento**. Entre 1831 e 1861 o crecemento industrial español foi considerable. A partir deste último ano experimenta unha desaceleración. A mesma debe relacionarse coa frustración das expectativas levantadas polos investimentos realizados na década (1854-1864), especialmente os investimentos ferroviarios.

O fracaso de devanditos investimentos estivo relacionado coa limitación que supuña o reducido do mercado interior. O mesmo pode dicirse da dependencia provocada polas grandes achegas de capitais franceses e ingleses á economía española, que resolveron a escaseza de capitais que dificultaba o desenvolvemento español. Gran Bretaña foi o principal provedor español de maquinaria, bens de equipo e combustible e constituíu o principal mercado dos nosos produtos mineiros e metalúrxicos. En definitiva, as economías francesa e inglesa funcionaron como motor para a industrialización española; cando estas economías retardaron o seu crecemento, especialmente a partir de 1873, a economía española, dada a súa dependencia, resentíuse gravemente.

**b. Os atrancos:** Escaseza de materias primas e de capitais. Ausencia dun mercado articulado.



**Importación de algodón en rama pola Aduana de Barcelona (medias  
quinquenais, miles de t.)**




Un dos problemas principais foi a **escaseza de materias primas**, que se resolveu mediante as importacións. Entre estas rexistran un notable incremento as compras de algodón en rama para a industria téxtil catalana. O **carbón** foi

a fonte de enerxía básica ata a aparición da hidroeléctrica. España tiña minas de carbón —Asturias, León, Serra Morena—, pero de difícil extracción e, pola súa situación, o transporte ata os centros de consumo era caro.

Resultaban máis baratas as importacións de carbón británico. A industria siderúrxica vasca utilizou nas súas orixes, e durante bastante tempo, carbón inglés. Dende principios do século XX a acción do goberno encamiñouse a estimular o consumo de carbón español no marco da política proteccionista xa mencionada.

**Producción e consumo de hulla en España (en miles de toneladas)**



A **enerxía eléctrica** —obtida de centrais térmicas ou hidráulicas de pequenas dimensións— apareceu en España cara 1890. A partir de 1900 xurdiron as grandes empresas, situadas en Cataluña (pobre en recursos enerxéticos clásicos como o carbón). Por tratarse dunha industria que require fortes investimentos de capital foi preciso acudir á colaboración de empresas estranxeiras. A principios do s. XX apareceron en Viscaia as primeiras empresas hidroeléctricas. Foron os primeiros pasos dunha industria que só alcanzaría un nivel apreciable a partir de 1914.



En España os recursos financeiros eran moi escasos. O capital español investiuse na compra de terras desamortizadas, na creación de pequenas empresas industriais e de pequenos establecementos bancarios, pero os créditos rara vez ían destinados á industria. As necesidades de investimento obrigaron a ofrecer incentivos ó capital estranxeiro. Durante o Bienio progresista (1854-56) comezou unha política aperturista destinada a paliar o retraso na construción dos ferrocarrís (en comparación con outros países europeos). Os capitais, sobre todo de procedencia francesa (Rothschild, Pereira), comezaron a acudir masivamente a España para financiar a construción do ferrocarril e a débeda do Estado. Consequiron dos gobernos unha serie de vantaxes que lles permitiron investir en condicións de rendibilidade aseguradas polo Estado.

#### As sociedades explotadoras de minas en España (1913)

Sociedades	Número	Capitais (pesetas)
<i>Con capital coñecido</i>		
Españolas	232	635.470.030
Estranxeiras	138	593.991.445
<b>TOTAL</b>	<b>370</b>	<b>1.229.461.475</b>
<i>Con capital descoñecido</i>		
Españolas	167	—
Estranxeiras	27	—
<b>TOTAL</b>	<b>194</b>	<b>—</b>

Na explotación das minas españolas tamén interviron activamente investidores estranxeiros. Desde o século XVI; as minas eran propiedade do Estado, explotadas por este ou por particulares. O déficit financeiro trala revolución do 68 obrigou a poñelas á venda. Neste momento había unha grande demanda de minerais metálicos por parte dos países industrializados de Europa occidental, isto explica que as grandes empresas europeas tratasen de controlar a mineiría

española. Dun total de 564 empresas só 399 eran españolas.

As minas de Andalucía e Murcia foron controladas a finais do s. XIX por empresas estranxeiras (británicas, francesas, alemáns). Foi especialmente significativa a venda das minas de cobre de Riotinto a unha compañía británica polo Estado, en 1870. Os novos propietarios convertírona na máis importante do mundo, proporcionando en 1912 o 44% do total de mineral de cobre mundial. A explotación do ferro vizcaíno realizárona empresas británicas xunto con empresarios bilbaínos. Os xacementos de ferro viscaíno foron obxecto dunha extracción moi intensiva destinada no 90% á exportación. O principal comprador do ferro viscaíno foi o mercado británico.

A economía española careceu dun **mercado nacional** integrado. Os países que experimentaron un proceso industrializador no s. XIX realizárono gracias á existencia dun amplo mercado. Os mercados permiten a acumulación de beneficios que, investidos en mellorar a tecnoloxía, facilitan a fabricación de produtos máis baratos, condición imprescindible para unha posterior ampliación do mercado.

**A debilidade da expansión industrial española no s. XIX** explica as reducidas dimensións do mercado interno, constreñido polo baixo nivel de renda da poboación, maioritariamente ocupada na agricultura de subsistencia, e afectado polas deficiencias dos medios de comunicación (ata finais de século, gracias aos ferrocarrís, non se estableceu unha verdadeira circulación de mercancías pola península).

Aos problemas anteriores debemos engadirlle as fortes **diferencias rexionais**. Hai diferentes formas de produción, diferentes tipoloxías e obxectivos. Industrias con vocación nacional, fundamentalmente a catalana e a vasca, industrias de alcance rexional, vinculadas a transformacións agrarias, por exemplo a industria da faría na

economía castelán e a industria vitivinícola para a Mancha.

E por último industrias de carácter local para un mercado próximo, nas que o incremento poboacional serve de estímulo, por exemplo en Madrid, onde a mediados de século produciuse certo dinamismo industrial, con industrias tipográficas e de editorial, tabacaleiras, etc.

#### 4. Industria siderúrxica

O sector siderúrxico foi considerado un dos puntais básicos na primeira etapa da industrialización. No noso país a súa evolución reflicte as **insuficiencias enerxéticas** e as dificultades para a aplicación de innovacións tecnolóxicas procedentes do exterior. Os tres focos siderúrxicos que se desenvolveron durante o s. XIX revelan a crise do carbón vexetal, a súa substitución pola hulla asturiana, demasiado cargada de impurezas, e o triunfo definitivo do coque británico como elemento impulsor do despegue siderúrxico vasco en íntima colaboración co mineral de ferro de Somorrostro.

O punto de partida da siderurxia sitúase nas ferrerías e inicia a súa transformación ante a crecente demanda de ferro para a agricultura, a industria téxtil e os modernos sistemas de transporte. O período de **1830-74** foi a época do desenvolvemento e fracaso da **siderurxia andaluza**, pioneira na apertura de altos fornos. Asociou capitais do porto de Málaga, mineral da rexión e carbón vexetal. A mediados de século resultaba evidente a precariedade do esforzo industrial co futuro seriamente cuestionado polos elevados custos de produción. A comezos do anos trinta había dúas fábricas en Marbella e Málaga. Posteriormente abriuse algún outro establecemento. Trinta anos despois a decadencia era irreversible.

	Ferro Colado (miles de T)				
Anos	España	Málaga	Sevila	Oviedo	Viscaia
1861-65	42,65	12,43	2,22	13,17	11,73
1866-70	42,56	1,91	1,36	19,24	10,73
1871-75	42,53	3,08	1,38	24,90	8,72
1876-80	62,57	3,36	1,43	28,84	17,24
1881-85	131,59	1,51	1,38	40,08	76,71

A siderurxia malagueña mantivo a súa primacía en España ate 1861-1865.



En 1848 encendeuse en Mieres o primeiro alto forno de coque, pero foi apagado ao cabo duns meses e só a partir de 1852 empleouse de maneira continuada a nova instalación, á que se sumaron a partir de 1859 novas construcións. A comezos de 1866 o país contaba con **oito unidades de este tipo, en tanto en Inglaterra superara as trescentas en 1826 e Francia que arrancara con retraso tiña 190 en 1861**. As diferencias de volume de produción son, por conseguinte, espectaculares e constitúen unha das causas máis evidentes do subdesenvolvemento español (...). Para explicar o atraso parece necesaria engadir aos factores estruturais —comunicacións, baixa calidade do carbón— a escaseza de capitais e os erros de localización xeográfica. É significativo o feito de que as empresas siderúrxicas cando son sociedades anónimas se levantan con capital estranxeiro —A Asturiana Minig Co. foi a propietaria do primeiro alto forno de coque, reactivado catro anos despois pola *Compagnie minière et métallurgique des Asturies*— en tanto as españolas son fundamentalmente comanditarias coa conseguinte limitación de capitais que esta fórmula supón (Heredia de Málaga, a Duro e Cía., Gil e Cía., etc.) (...). Entre 1862 e 1880 Asturias disfrutou das vantaxes inherentes á súa condición de productora de carbón, situación favorable que Viscaia lograría compensar gracias á importación como mercancia de retorno do carbón británico»[Artola, M., Ob. cit., pp. 116-118]

As vantaxes comparativas da nacente **siderurxia asturiana** arredor de 1850, provocou o desprazamento xeográfico da siderurxia española ata o norte como preludio dunha situación completada nos anos 80 co desenvolvemento da siderurxia vasca. Segundo as estatísticas minerais en 1856, o 44% da produción siderúrxica



interior procedía do núcleo andaluz, o 20% da ferrería tradicional vasca e o 16% da rexión asturiana. Un decenio despois hai un cambio considerable. En 1868, o foco andaluz só proporciona o 5% do total interior.

A siderurxia asturiana sitúase en pleno proceso de expansión co centro en Mieres-La Felguera absorbendo o 46% da produción nacional. As estatísticas de 1868 sinalan que o **País Vasco** proporcionaba o 26% do total interior, a súa modernización tecnolóxica acelerouse ó abeiro da exportación do mineral de ferro a Gran Bretaña e a




importación de combustible desta procedencia. A fins de século os altos fornos da cunca do Nervión desprazaron en importancia aos asturianos.

Sentando unha preponderancia que non oculta o modesto lugar da siderurxia española no contexto europeo, o que provocou a presión dos fabricantes vascos para conseguir maiores taxas de

protección arancelaria. En 1882 creouse a Sociedade de Altos Fornos de Ferro e Aceiro, en Bilbao. O mesmo ano creouse en Vizcaia a empresa siderúrxica «A Vizcaína». Estas dúas empresas unidas a unha terceira formaron «Altos Fornos de Vizcaia» que será durante moitos anos a empresa siderúrxica máis poderosa de España; no periodo 1881-1931 fabricou o 62% da produción siderúrxica vizcaína.







Un dos talleres propiedade da Riotinto Company Limited.

**A Industria téxtil catalana.** A mediados do século XIX xurdiu en Cataluña un tecido industrial que desprazou ao artesanado tradicional. A moderna industria baseouse na utilización do vapor, na organización do traballo en fábricas e na presenza dunha burguesía industrial. En torno a 1860 a estrutura da poboación activa na provincia de Barcelona reflectía a expansión industrial: a industria ocupaba un 41,4% mentres a agricultura un 37,5% e os servizos un 21,1%. Cataluña aproveitou unhas condicións excelentes para iniciar a aventura industrial sobre un sólido basamento.

A produción (proveniente) de fuses mecánicos, que era do 3,78% en 1835, subira ao 99,04% en 1861. Isto equivale a dicir que o fiado mecanizouse totalmente no transcurso dun cuarto de século. O ritmo resulta impresionante. Temos que advertir, sen embargo, que a máquina que domina, polo menos ata 1850, é a «mule» envellecida e caduca para a época.

